

Ao abeiro do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia elabórase para o **curso 2012-2013** este

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

co cal se pretende incentivar, coa implicación progresiva de todos os colectivos do Instituto, a práctica lingüística, sobre todo oral, procurar a estimulación, especialmente no alumnado, de actitudes favorables que se traduzan no uso do galego, coa progresiva superación de prexuízos e crear as condicións para que unha actitude positiva por parte de todos vaia abeirando as inercias negativas.

1. Contorno sociolingüístico do centro: a maioría do alumnado procede do centro da cidade de Vigo, xa que logo de familias que desenvolven fundamentalmente a súa vida nun ambiente plenamente urbano. No curso 2008-09 fíxose un estudo da realidade lingüística do centro da que se extraen os seguintes datos:

Lingua habitual do alumnado no seu contorno

%	Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual	Predomina o galego	Só galego
1º ESO	38.67	48.11	13.20	0	0
2º ESO	22.22	48.61	27.77	0	1.38
3º ESO	50.76	41.53	6.15	1.53	0
4º ESO	36.5	53.96	6.34	3.17	0
1º BACH.	34	57	8	0	1
2º BACH.	30.20	62.5	6.25	1.04	0
MEDIA	35.39	51.95	11.28	5.74	0.39
CASTELÁN/GALEGO	87.34			6.13	

Constátase un claro **predominio do castelán** como lingua habitual do alumnado cunha **presenza testemuñal do galego**. Esa diferenza é máis salientable se contrastamos “só castelán” + “predomina o castelán” [87.34 %] con “predomina o galego” + “só galego” [6.13%].

Lingua habitual familiar

%	Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual	Predomina o galego	Só galego
1º ESO	41.34	34.61	13.46	8.65	0.96
2º ESO	31.5	35.61	23.28	6.84	2.73
3º ESO	40.32	32.25	14.51	8.06	4.83
4º ESO	35.48	40.32	9.67	9.67	4.83
1º BACH.	39.78	43.01	5.37	5.37	5.37
2º BACH.	31.25	50	13.54	2.08	3.12
MEDIA	36.61	39.3	13.30	6.77	4.44
CASTELÁN/GALEGO	75.91			11.21	

A presenza nas distintas familias de xeracións anteriores podería explicar a redución na presenza case exclusiva do castelán no ámbito familiar, o que viría confirmar o dato tantas veces citado nos estudos sociolingüísticos da **ruptura xeracional**.

Obxectivos: a proxección cara á sociedade e a imaxe exterior do IES do Castro de centro normalizador e normalizado no ámbito da lingua galega . Non se trata tanto de recuperar unha realidade ruralizada senón vehiculizar, a través da lingua galega, a realidade inmediata deste alumnado concreto e das súa familias.

As **actuacións** previstas son, entre outras:

a) facilitar a utilización das instalacións do centro, de acordo co Consello Escolar e a dirección, a aquelas organizacións que teñan entre os seus obxectivos a promoción da lingua e cultura galegas, especialmente co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

b) impulsar o contacto do alumnado co contorno máis ou menos próximo para evitar un coñecemento da realidade galega excesivamente academicista; esta actuación é a que xustifica a organización de determinadas saídas didácticas en colaboración cos distintos departamentos didácticos e coa Vicedirección.

c) elaboración da revista anual do centro ("**OMBÚ**") coa colaboración do alumnado e do persoal do centro, así como de colaboracións externas vinculadas ao Instituto. Esta publicación anual lévase editando desde hai quince cursos. Nela publicanse os textos do concurso literario anual, crónicas e reportaxes, colaboracións relacionadas co fomento do uso do galego, etc. A través do alumnado faise chegar ás familias como unha proxección exterior do centro;

d) concurso "**Visibilidade do galego**". Trátase de recoller mediante imaxes a visibilidade do galego (anuncios, nomes comerciais, avisos, rueiro...) nas rúas de Vigo e área de influencia, utilizándoo como material de reflexión e debate nas aulas.

e) intervención no **comercio** do contorno do Instituto. O plan consiste en que o alumnado reparta nos comercios, hostalería e distintos establecementos públicos carteis, adhesivos, pousavazos... convidando ao uso da lingua galega, do tipo "Podes falarme en galego"... Esta actuación estará condicionada pola disposición económica de fondos para levala adiante.

Ao cumprirse este curso os catro anos previstos para a renovación do estudo dos datos sociolingüísticos do instituto, farase unha **enquisa** nos distintos ámbitos para actualizar os datos, marcarse obxectivos e actualizar estratexias.

2. Situación do profesorado: máis de dous terzos do profesorado teñen destino definitivo no centro. A súa lingua habitual repártese por igual entre galego e castelán. Nas mesmas porcentaxes faise un uso habitual do galego na aula.

Manifestan unha maior **competencia pasiva** (comprensión oral e comprensión escrita) en galego [± 95 %] que **competencia activa** [expresión oral: 53 %; expresión escrita: 56 %]. A maioría [63 %] posúe o antigo Curso de Perfeccionamento de Lingua Galega e un 64 % móstrase favorable ao uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino.

Os obxectivos neste ámbito son:

a) mellorar a competencia lingüística en galego do persoal docente, fomentando a súa formación a partir de materiais de apoio;

b) consolidar a lingua galega como un dos idiomas instrumentais da docencia;

c) combater a inercia negativa e tratar de convencer o profesorado para que poña en práctica a **oferta positiva e informativa** previstas no Plan de Normalización Lingüística;

d) potenciar as actividades normalizadoras de cada departamento como o mellor sistema para a participación e implicación dos membros da comunidade educativa no proceso de normalización lingüística.

As **medidas** previstas son:

a) actualización, a través do Boletín electrónico “**Na punta da lingua**”, atendendo especialmente a formación xeral sobre o galego e a formación en linguaxes de especialidade . Este Boletín, en formato de arquivo PDF, envíase por correo electrónico ao persoal do centro con contidos relacionados cos recursos en rede relativos á lingua e cultura galegas, materiais en galego para as distintas materias, propostas didácticas en galego, etc. Ademais ten un apartado dedicado a resolver cuestións de expresión para mellorar a competencia lingüística do persoal do centro. Inclúe tamén unha sección con novidades informativas sobre a lingua, normalización, etc. Os boletíns vanse colgando tamén no blog do ENDL <http://ligalia.blogspot.com>

b) asesoramento para a adquisición de publicacións específicas de cada unha das materias impartidas en galego, así como de materiais lingüísticos de apoio;

c) asesorar na elaboración de materiais para a docencia;

d) fomentar o uso do galego nos traballos de curso e nas outras actividades docentes;

e) propiciar o contacto entre departamentos e as actividades complementarias e extraescolares interdisciplinares que teñan como principais contidos a realidade galega.

3.Situación do alumnado na actividade lectiva: na actividade lectiva constátase un claro predominio do castelán como lingua habitual do alumnado cunha presenza testemuñal do galego. En canto ao uso habitual da lingua galega na aula, na combinación “ bastante+moito”, dáse un resultado do 34 % no uso oral e sobre un 37 % no uso escrito. Unhas porcentaxes semellantes témolas cando nos referimos ao uso ocasional [33 %]. En canto á actitude cara á utilización do galego como lingua vehicular do ensino, predomina a “indiferenza” [35 %], pero non se mostra unha animosidade en contra especialmente significativa.

Os **obxectivos** que se pretenden neste ámbito son:

a) facilitar e/ou mellorar, en colaboración co Departamento de Lingua Galega e Literatura, a competencia lingüística do alumnado, prestando especial atención ao alumnado procedente de fóra de Galicia [o 10% do alumnado do centro procede do exterior]. Nos últimos cursos púxose en marcha o voluntariado lingüístico destinado preferentemente a este tipo de alumnado e ao alumnado con exención. Este voluntariado organizouse en coordinación coas actividades CAS do Bacharelato Internacional.

b) Insistir, sobre todo, na competencia lingüística oral.

c) mediante campañas específicas, incentivar o uso da lingua galega en tódalas actividades do ámbito educativo. Estas campañas faranse, principalmente, na páxina web do centro e no taboleiro destinado a este tipo de información.

d) activar actitudes, habitualmente pasivas, cando non negativas, en favor dun uso normal do galego e da súa visibilidade tanto nas situacións formais como informais;

e) implicar no proceso de normalización o persoal máis remiso, pois son estas as vontades que hai que gañar;

f) romper con dúas pexas do proceso normalizador como son a inercia e a identificación da lingua galega coa cultura ruralista ou ruralizada. Cómpre, pois, vehiculizar a realidade actual, moderna e urbana, a través da lingua galega para superar certos estereotipos.

As **medidas** previstas son:

a) promover, en colaboración cos departamentos, o emprego da lingua galega nos traballos realizados polos estudantes, así como nos materiais utilizados na aula.

Cunha previsión plurianual e comezando polos dous primeiros cursos da ESO para ilo estendendo en próximos cursos aos outros niveis, vaise poñer en marcha un **Plan de intervención incentivada nas aulas**. Este Plan consiste en puntuar, nas materias que se imparten en lingua galega, o número de traballos, exames, intervencións, etc. en galego do alumnado de cada grupo. O profesorado de cada unha das materias pasará ao ENDL un informe trimestral coa porcentaxe desas intervencións para elaborar a clasificación dos grupos. O grupo que, ao rematar o curso, consiga a maior puntuación terá como premio unha actividade extraescolar de todo un día e sen custo para o alumnado. Esta estratexia pretende estimular, a través da oferta en positivo, o uso do galego nas materias que se imparten nesta lingua, pois constátase un uso minoritario;

c) facilitar os medios suficientes e materiais de apoio, sobre todo en rede de cara á elaboración en lingua galega destes traballos. Con esta finalidade ofrécese distintos materiais a través do blog do ENDL <http://ligalia.blogspot.com> ;

d) incentivar o uso do galego por parte das asociacións estudantís con presenza no centro;

e) actividades complementarias e extraescolares interdisciplinares:

1) participarase na elaboración e execución dunha unidade didáctica sobre a contorna do centro, na que se inclúen elementos sobre o coñecemento da natureza, da paisaxe, da historia, da arte, da literatura, etc. destinada a todo o alumnado de 3º da ESO. ("O monte do Castro"). Nesta actividade colaboran os departamentos de Matemáticas, Educación Plástica, Educación Física, Lingua Galega e Xeografía e Historia;

2) outra das saídas interdisciplinares consiste nun percorrido didáctico ("Do IES do Castro a Castromao-Celanova") que, tomando como punto de partida a actividade anterior, traslada a ese mesmo alumnado a un espazo cultural máis amplo, sen perder de vista os elementos históricos, naturais ou artísticos e utilizando como fío condutor a unidade didáctica elaborada para o caso. Esta actividade interdisciplinar realízase cos Departamentos de Educación Física, Xeografía e Historia, Lingua Galega e Literatura e Bioloxía e Xeoloxía. Comprende un estudo da vía romana e dos miliarios, do castro, do campamento romano, da flora e fauna da zona, da ordenación territorial de Vilanova dos Infantes, da literatura (Curros, *Lenda da Virxe do Cristal*, Celso Emilio Ferreiro...), arte (mosteiro de Celanova);

f) teatro lido: trátase de que, a través de obras teatrais actuais ou clásicas, o alumnado reforce a expresión oral do galego, sobre todo entoación, modulación, etc. Leva consigo unha preparación previa, selección de obras, ensaios e lectura en público das obras. Esta actividade faise en colaboración coa Biblioteca do centro. O feito que o Día das Letras Galegas sexa dedicado ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño levará a potenciar esta actividade con obras ou adaptacións do seu repertorio.

g) concurso de relatos breves: aberto a toda a comunidade educativa, pero especialmente ao alumnado. Os relatos premiados editaranse na revista do Instituto. Esta actividade faise en colaboración coa Biblioteca.

4. Situación lingüística do centro : a presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc. pode considerarse “ampla”, case “plena”.

O emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións podemos situalo no tramo “moderado” cando se trata de comunicacións orais e no tramo “amplio”, case “pleno”, cando se trata de comunicacións escritas. En contextos informais o emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado está no tramo “moderado”.

O emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro é amplo nas situacións informais e redúcese nas formais.

A ANPA emprega o galego “amplamente” nos seus escritos, comunicacións etc.

A lingua galega ten unha presenza “moderada” na realización das actividades extraescolares condicionada, as máis das veces, polo departamento que realiza a actividade.

A dotación de fondos en galego na biblioteca pode considerarse “aceptable”.

A lingua galega ten unha presenza que se pode considerar “moi boa” nas TICs (web do Instituto...).

Partimos dun **obxectivo** xeral: que o galego sexa lingua normal de comunicación, expresión e traballo da comunidade educativa.

Este obxectivo xeral concrétese nos seguintes **actuacións**:

a) garantir a presenza da lingua galega na páxina web do IES do Castro [<http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro/>], cunha dilixencia especial na calidade expresiva e informativa polo que supón de imaxe institucional do centro.

b) celebración da *Semana das Letras Galegas*: mais que concentrar nunha semana unha serie de actividades, trátase de concluír nela toda unha serie de actividades que se foron desenvolvendo parcialmente ao longo do curso;

c) celebración das festas anuais tradicionais, na medida do posible en colaboración coa Vicedirección, especialmente Magosto, Entroido e Maíos.

d) no ámbito do persoal de administración e servizos fomentárase a competencia lingüística en galego do persoal, consolidando a lingua galega como idioma de uso normal na xestión e máis nos servizos.

Como medidas que contribúan a lograr este obxectivo a) aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías no terreo da formación e dos recursos lingüísticos: actualización dos coñecementos lingüísticos, vocabulario da linguaxe administrativa, etc. ; b) tratarase de consolidar o uso do galego na administración e os servizos mediante a supervisión dos documentos administrativos na procura dunha corrección de redacción e de expresión, actualización da documentación... ; c) porase a disposición do persoal de administración e servizos material lingüístico (correctores informáticos, dicionarios, formularios administrativos) que facilite o uso da lingua galega no ámbito laboral; d) animarase e apoiarase a este persoal para que poñan en práctica a oferta positiva e a oferta informativa, sobre todo nas comunicacións telefónicas, avisos pola megafonía, etc.

e) Colaboración e programas comúns con outros centros: o feito de que unha parte significativa do alumnado proceda do CEP Dr.. Fleming anímanos a coordinar actuacións entre os dous centros para que o proceso normalizador teña certa continuidade no paso de Primaria a Secundaria e para aproveitar en favor da normalización da lingua e cultura galegas as sinerxías que se poidan producir. Neste curso farase, como mínimo, unha actividade en común pendente de concretar ao longo do curso.

Tal como no seu momento aprobou o Consello Escolar, inclúese como Apéndice a distribución das materias segundo a lingua vehicular:

DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS EN FUNCIÓN DA LINGUA VEHICULAR

PRIMEIRO ESO		
Lingua propia da materia	Lingua galega	Lingua castelá
<ul style="list-style-type: none"> • Inglés • Lingua castelá • Lingua galega • Francés 	<ul style="list-style-type: none"> • Ciencias da Natureza • CCSS,Xeografía e Historia • Educación Física 	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas • Educ. Plástica • Proxecto interdisciplinar • Relixión católica / Hª Cultura Rel.
SEGUNDO ESO		
Lingua propia da materia	Lingua galega	Lingua castelá
<ul style="list-style-type: none"> • Inglés • Lingua castelá • Lingua galega • Francés 	<ul style="list-style-type: none"> • Ciencias da Natureza • CCSS,Xeografía e Historia • Ed.. cidadanía • Música [sección bilingüe inglés-galego] 	<ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxías • Matemáticas • Educación Física • Relixión católica / Hª Cultura Rel.
TERCEIRO ESO		
Lingua propia da materia	Lingua galega	Lingua castelá
<ul style="list-style-type: none"> • Lingua castelá • Lingua galega • Inglés • Francés 	<ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía e Xeoloxía • CCSS,Xeografía e Historia • Música • Obradoiro Inic. Emp. • Educación Física 	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas • Tecnoloxía • Física e Química • Educ. Plástica e Vis. • Relixión católica / Hª e Cult. Rel.
CUARTO ESO		
Lingua propia da materia	Lingua galega	Lingua castelá
<ul style="list-style-type: none"> • Lingua castelá • Lingua galega • Francés • Inglés 	<ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía e Xeoloxía • CCSS, Xeografía e Historia • Ed. Ético-cívica • Música • Obradoiro Inic. Empr. • Informática • Cultura clásica • Música 	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas • Tecnoloxía • Física e Química • Ed. Plást. E Vis. • Educación Física • Relixión católica / Hª e Cult. Rel.. • Latín

PRIMEIRO BACHARELATO						
Lingua propia da materia	CIENTÍFICO – TÉCNICO					
	Materias comúns		Materias de modalidade		Materias optativas	
	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá
	-Ciencias M. Cont. -Ed. Física	-Filosofía -Relixión católica	-Bioloxía e Xeoloxía -Tecn. Industr. I -Matemáticas I	-Deb. Técn I -Fis. e Quím. (-Tics -Antropoloxía	-Música -Lit.. Hisp.
	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS					
	Materias comúns		Materias de modalidade		Materias optativas	
	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá
-Lingua castelá	-Ciencias M. Cont. -Ed. Física	-Filosofía -Relixión católica	-Hª M. Cont. -Economía -Mat. Apl. CCSS	-Latín I -Grego I	-Tics -Antropoloxía	-Música -Lit. Hisp.
-Lingua galega						
-Inglés						
-Francés						
	SEGUNDO BACHARELATO					
	CIENTÍFICO – TÉCNICO					
	Materias comúns		Materias de modalidade		Materias optativas	
	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá
	-Hª España	-Hª Filosofía -Rel. Católica	-Bioloxía -Matemáticas II -Tecn. Ind. II	-Física -Química -Deb. Técn. II	-Cienc. Terra Med. -Xeog. Hª Gal. -Lit. S. XX -Mét. Est. Num. -Xeoloxía	-Electrotecnia -Hª Música -Filosof. Ciencia -Et. Fil. Der.
	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS					
	Materias comúns		Materias de modalidade		Materias optativas	
	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá
	-Hª España	-Hª Filosofía -Rel. Católica	-Hª Arte -Xeografía -Econ.. Empr. -Mat. Apl. CCSS -Lit. Univ.	-Latín II -Grego II	-Cienc. Terra Med. -Xeog. Hª Gal. -Lit. S. XX -Mét. Est. Num. -Xeoloxía	-Electrotecnia -Hª Música -Filosof. Ciencia -Et. Fil. Der.